

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE E A FEDERACIÓN GALEGA DE DANO CEREBRAL PARA O FINANCIAMENTO DE PROGRAMAS DIRIXIDOS A PERSOAS CON DANO CEREBRAL ADQUIRIDO E DO MANTENIMENTO DA FEDERACIÓN E DAS ENTIDADES FEDERADAS PARA O EXERCICIO 2026

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A Comunidade Autónoma de Galicia, segundo o establecido no artigo 27.23 do Estatuto de autonomía de Galicia, en consonancia coa habilitación competencial outorgada ás Comunidades Autónomas polo artigo 148.1.20 da Constitución Española, ten competencia exclusiva en materia de asistencia social, polo que, na súa virtude se aprobou a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.

A Consellería de Política Social e Igualdade é o órgano superior da administración autonómica ao que lle corresponde as competencias en materia de servizos sociais, e consecuentemente a atención do colectivo de persoas con discapacidade, conforme ao Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Igualdade.

Dano Cerebral Galicia, entidade de natureza asociativa, figura inscrita no Rexistro central de asociacións co número 2007-184-2, tendo por finalidade a defensa dos intereses das persoas con dano cerebral adquirido de Galicia e acadar a súa real e efectiva participación social, laboral e cultural, así como a súa integración na sociedade. A entidade declarada de utilidade pública, figura recoñecida e inscrita como entidade de iniciativa social no Rexistro de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais co número E-5480.

Actualmente faise preciso establecer medidas de apoio orientadas ao desenvolvemento do tecido asociativo integrado polas entidades de iniciativa social que traballan na atención ás persoas afectadas de dano cerebral adquirido dado que desenvolven unha importante labor complementaria á financiada a través dos recursos da Administración pública.

Nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2026 está prevista unha subvención nominativa a favor desta entidade, polo que para a súa instrumentación, conforme ao previsto no artigo 26.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 37.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, que a desenvolve, e en congruencia cos obxectivos citados, resulta conveniente a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e Igualdade e Dano Cerebral Galicia.

O obxecto do presente convenio é contribuír ao financiamento por parte da Consellería de Política Social e Igualdade dos gastos de persoal e gastos correntes de Dano Cerebral Galicia e das súas entidades asociadas para o exercicio 2026 así como doutros gastos da mesma natureza derivados da execución dos programas de atención a persoas con dano cerebral adquirido e as súas familias que Dano Cerebral Galicia ten previsto desenvolver durante o ano 2026, co fin de procurar acadar a máxima recuperación funcional e autonomía desde todas as dimensións de calidade de vida da persoal e familiar no ámbito



da Comunidade Autónoma de Galicia .

Dano Cerebral Galicia vai desenvolver, entre outras, as seguintes actividades no exercicio 2026:

- a) Programa de fortalecemento da autonomía persoal a través da rehabilitación e recuperación funcional e integral, así como da inclusión social das persoas con dano cerebral adquirido e as súas familias. As cinco asociacións federadas son as encargadas de proporcionar a atención directa ás persoas con dano cerebral e ás súas familias.
- b) Programa de información e asesoramento a familias das persoas afectadas de dano cerebral adquirido no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.
- c) Programa de coordinación e cohesión de Dano Cerebral Galicia e as asociacións federadas, a través da cobertura de gastos de funcionamento e estruturais. Inclúense as actividades que a federación realiza co fin de continuar co desenvolvemento, unidade e cohesión do movemento asociativo. A Federación executa accións de coordinación, así como de xestión, información e comunicación coas entidades federadas. A execución destas actividades é realizada por un equipo multidisciplinar de profesionais e precisa dos medios e recursos tanto técnicos como materiais que permitan uns resultados de calidade.

Para o cumprimento das actuacións dos programas e do mantemento que figuran na cláusula primeira deste convenio a Consellería de Política Social e Igualdade achegará douscentos trinta e nove mil cento oitenta e sete euros (239.187,00€), que serán imputados á aplicación orzamentaria 08.04.312E.481.30 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2026.

A dita cantidade destinarase aos gastos de persoal e gastos correntes necesarios para o desenvolvemento das actuacións antes citadas.

A cláusula sétima do convenio prevé un anticipo de pagamento do 80% do importe da subvención, coa finalidade de que a entidade beneficiaria dispoña desde o inicio do exercicio económico da liquidez suficiente para facer fronte ás obrigas económicas derivadas da execución deste convenio. Isto ben motivado porque ao tratarse de entidades sen ánimo de lucro, unha parte importante da súa financiamento procede das Administracións Públicas, e non contan coa liquidez suficiente ao inicio do exercicio para o desenvolvemento dos programas e actuacións que desenvolven para a atención ás persoas con dano cerebral adquirido, o que implica ter que acudir a liñas de crédito con entidades bancarias en tanto non perciben o pagamento da subvención concedida, co sobrecusto que iso implica. Así mesmo, conforme aos antecedentes neste centro directivo, as subvencións concedidas en exercicios anteriores a esta entidade están sendo correctamente xustificadas en tempo e forma.

En consecuencia, e dado que ditas condicións de pagamento exceden dos límites previstos no artigo 63.1. un do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e conforme ao previsto no artigo 63.3 da dita norma, será preciso autorización do Consello da Xunta para a tramitación deste expediente de gasto.



As actuacións obxecto deste convenio, recollidas na súa cláusula primeira, a súa adecuación ao ámbito competencial da Consellería de Política Social e Igualdade que asume o seu órgano de dirección, a Dirección Xeral de Persoas con Discapacidade, segundo o previsto no Decreto 42/2024, do 14 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, no Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia, e no Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Igualdade, que concretamente no seu artigo 21, prevé a competencia da Dirección Xeral de Persoas con Discapacidade para a proposta, o impulso, a elaboración das bases, e a tramitación dos procedementos de concesión e seguimento das axudas e subvencións a través da concesión directa ás entidades prestadoras de servizos sociais no ámbito da discapacidade; e as específicas necesidades inherentes ao colectivo ao que van dirixidas, considéranse razóns que acreditan o seu interese social..

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

A directora Xeral de Persoas con Discapacidade

P.A. Disp. Adicional 1ª do Decreto 139/2024, do 20 de maio (DOG núm. 101, do 27.05.2024)

O director Xeral de Maiores e Atención Sociosanitaria

Antonio Acevedo Prado

